

6º PRIMARIA

MÚSICA

Ola rapaces, estou moi contenta con todo o traballo que estades a facer. Sei que é duro ter que quedar na casa, non saír a xogar, ver os amigos... Pero dentro de pouco poderemos facer unha vida normal e cantar e bailar todos xuntos. Cada vez que vexo un vídeo ou un debuxo voso alegrádesme o día. Encántame ver que o pasades ben dentro de esta situación tan estraña para todos. Un bico mooooooi grande.


Esta semana traio dúas propostas: facer un pau de choiva con material de refugallo e bailar un pouco.

PAU DE CHOIVA

Un Pau de Choiva ou Pau de Auga é un tubo longo con ocos recheo de sementes, en cuxo interior se cravan paus de bambú ou de madeira, formando unha helicoide que se estende a todo o longo. Cando se inclina o pau suavemente as pedriñas ou as sementes caen e ao golpear cos paus produce un son que se asemella á choiva ou auga caendo. Utilízase xeralmente para crear efectos de son ambiente ou como instrumento de percusión.

Pasos para facer o pau de choiva

Podes empregar varios tubos de cartón que terás que unir con celo ou outro material.



Cortar os palillos con cuidado, así non sobresaen.



Para o recheo podes empregar arroz ou o que teñas na casa.



Para tapar os extremos do tubo emprega celo. Podes facer dúas tapas con cartolina ou papel.



E agora só queda decorar como máis che guste. Podes pintar de cores, pegar papeis ...

O resultado tamén serve para encher os vagóns do noso tren.

Exemplos:



BAILE

A segunda proposta é para toda a familia. Trátase de bailar un Sirtaki, que é un baile típico de Grecia. Nos seguintes enlaces podedes ver como se baila:

<https://www.youtube.com/watch?v=Vtj29b5daao>

<https://www.youtube.com/watch?v=H5xs3ciqS8I>

<https://www.youtube.com/watch?v=uEtNOP3FIGI>

<https://www.youtube.com/watch?v=hSsScOJq-II>

Como podes ver hai moitas formas de bailar este típico baile. Ti tamén podes facer os pasos que che gusten. Deixa voar a imaxinación e divírtete cá familia. Outra proposta para os vagóns...Anímaste???